

MEMORIA FUNCIONAL

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA



MEMORIA FUNCIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

O 14 de abril de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, fundamentada nos criterios de eficacia que inspiran a actuación e a organización administrativa.

En virtude dos criterios arriba indicados, e de acordo co previsto nos artigos 23.3 e 26.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, adscribiu á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Turismo de Galicia, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos e determinación das retribucións complementarias.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos.

Neste senso, o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público



que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei e que a través da respectiva relación de postos de traballo, estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal, co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

A vixente relación de postos de traballo (RPT) da Axencia Turismo de Galicia, foi aprobada polo Acordo do Consello da Xunta do 15 de xullo de 2015, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda do 16 de xullo de 2015 (DOG núm. 138, do 23/07/2015). Posteriormente, realizáronse as tres (3) seguintes modificacións:

1) Modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 9 de agosto de 2022 (DOG núm. 153, do 11/08/2022).

2) Modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública da mesma data (DOG núm. 44, do 3/03/2023).

3) Modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xuño de 2025, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 1 de xullo de 2025 (DOG núm. 130, do 09/07/2025).

De tal maneira que, na actualidade, **a relación de postos de traballo (RPT) da Axencia Turismo de Galicia ten un total de 158 postos**, distribuídos da seguinte forma:





DENOMINACIÓN	Nº	FORMA PROVISIÓN	NIVEL
XERENTE/A	1	PD	30
DIRECTOR/A PROMOCIÓN	1	PD - Laboral	2
DIRECTOR/A PROFESIONALIZACIÓN	1	PD - Laboral	2
SECRETARIO/A DE COORDINACIÓN EC. E ADM.	1	LD	30
DIRECTOR/A DE COMPETITIVIDADE	1	LD	30
XEFATURA SERVIZO	19	CE	28A
XEFATURA SERVIZO ÁREAS PROVINCIAIS	4	CE	28B
XEFATURA SECCIÓN	26	C	25
INSPECTOR/ DE TURISMO	35	C	22
RESPONSABLE DE OFICINA DE TURISMO	5	C	22
POSTO BASE SUBGRUPO A1	1	C	20
XEFATURA NEGOCIADO	25	C	18
XEFATURA NEGOCIADO OFICINA DE TURISMO)	4	C	18
SECRETARIO/A DIRECTOR/A AXENCIA	1	C	18
SECRETARIO/A SUBDIRECTOR/A AXENCIA	3	C	16
POSTO BASE SUBGRUPO A2	1	C	16
POSTO BASE SUBGRUPO C1	4	C	14
XEFATURA DE GRUPO	4	C	14
PORTEIRO/A MAIOR - CONDUTOR/A	1	C	14
POSTO BASE SUBGRUPO C2	8	C	12
POSTO BASE AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	11	C	10
ARQUITECTO/A TÉCN. FUNCIÓNS FACULTATIVAS	1	C	22
TOTAL POSTOS	158	EBEP/V Convenio Persoal Laboral Xunta	

*O posto de director/a da axencia e de asesor/a xurídico/a non están incluídos na RPT.

Ademais, a día de hoxe, despois das amortizacións realizadas incluídas nas citadas modificacións da RPT, **no cadro de persoal (CP) da axencia figuran cento trinta e seis (136) postos** (persoal propio da entidade), a raíz da incorporación dos postos de traballo da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos e da S.A. Xestión do Plan Xacobeo á Axencia Turismo de Galicia, segundo se establece na disposición adicional cuarta do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. Os cadros de persoal das entidades que se extinguiron ou modificaron o seu obxecto social son os instrumentos de xestión do persoal nesta axencia ata que se aprobe a relación de postos de traballo correspondente. A distribución dos citados postos é a seguinte:





DIRECCIÓN DE PROFESIONALIZACIÓN - Centro Superior Hostalería de Galicia		
DENOMINACIÓN	Nº	CONVENIO APLICACIÓN
DIRECTOR/A PROFESIONALIZACIÓN	1	Alta Dirección
PROFESOR/A - TUC (CENTRO SUP. HOSTALERÍA)	30	Ensinanza e Formación non Regrada
EXPERTO/A - TUC	9	Ensinanza e Formación non Regrada
COORDINADOR/A RESPONSABLE CSHG I - TUC	3	Ensinanza e Formación non Regrada
ADXUNTO/A - TUC	3	Ensinanza e Formación non Regrada
ESPECIAL RESPONSABILIDADE - TUC	3	Ensinanza e Formación non Regrada
XESTOR/A - TUC	3	Ensinanza e Formación non Regrada
TÉCNICO/A DE HOSTALARÍA - TUC	1	Ensinanza e Formación non Regrada
MANTEMENTO/ORDENANZA - TUC	2	Ensinanza e Formación non Regrada
LAVANDEIRO/A - TUC	2	Ensinanza e Formación non Regrada
ADMINISTRATIVO/A - TUC	2	Ensinanza e Formación non Regrada
TOTAL POSTOS	59	Ensinanza e Formación non Regrada

DIRECCIÓN DE PROMOCIÓN - Axencia Turismo de Galicia		
DENOMINACIÓN	Nº	CONVENIO APLICACIÓN
DIRECTOR/A PROMOCIÓN	1	Alta Dirección
XEFATURAS DE ÁREA TUP - DPTO. PROMOCIÓN ATURGA	9	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
XESTOR/A - TUP	4	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
ADXUNTO/A - TUP	8	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
ENCARGADO/A - TUP	1	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
PROGRAMADOR - TUP	1	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
ADMINISTRATIVO/A - TUP	9	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
ESPECIAL RESPONSABILIDADE - TUP	2	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
OPERADOR/A - TUP	3	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
CONDUTOR - TUP	1	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
MANTEMENTO/ORDENANZA - TUP	1	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
MOZO/A - TUP	1	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
EXPERTO/A INVESTIGACIÓN	2	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
ADMINISTRATIVO/A - IET	1	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña
TOTAL POSTOS	44	Oficinas e Despachos - Prov. Coruña

DIRECCIÓN DE PROMOCIÓN - Axencia Turismo de Galicia		
DENOMINACIÓN	Nº	CONVENIO APLICACIÓN
XEFE/A DEPARTAMENTO - XPX	2	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
TITULADO/A SUPERIOR - XPX	10	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
TITULADO/A GRAO MEDIO - XPX	1	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
OFICIAL/A 2 - ADMINISTRATIVO/A - XPX	10	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
XEFE/A - ADMINISTRATIVO/A - XPX	1	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
CONDUTOR/A - XPX	3	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
ORDENANZA - XPX	2	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
OPERADOR/A MANTEN. CONDUTOR/A - XPX	1	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
XEFATURA ALMACÉN - XPX	1	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
XEFE/A 1 - PARQUE MÓBIL - XPX	1	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
OPERADOR/A DE ORDENADORES - XPX	1	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)
TOTAL POSTOS	33	S.A. Xestión do Plan Xacobeo (2009)



Tendo en conta o anterior, e tomando como referencia o artigo 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade, propóñense as seguintes modificacións na RPT e no Cadro de da Axencia Turismo de Galicia.

MODIFICACIÓNS DA RPT E DO CADRO DE PERSOAL

1. Creación de postos

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as creacións/dotacións propostas:

1.- Creación do posto "Xefatura de Sección III", con código **PX.A20.00.002.15770.021**, de nivel 25, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, dentro da Secretaría de Coordinación Económico e Administrativa, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG).

2.- Creación do posto "Xefatura de Sección IV", con código **PX.A20.00.002.15770.031**, de nivel 25, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, dentro da Secretaría de Coordinación Económico e Administrativa, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG).

A creación dos postos "xefatura de Sección III" e "xefatura de Sección IV", na Secretaria de Coordinación Económica e Administrativa, ven xustificada polo incremento do volume de traballo en certas areas motivada no seguinte:

Por unha banda, nos últimos anos produciuse incremento da carga de traballo en materia de transparencia. Produciuse un aumento significativo das solicitudes de acceso á información pública, particular e queixas que requiren tramitación formal, análise xurídica, recompilación de documentación e resolución motivada.



Así mesmo, a posta en marcha do canle de denuncias, que é a canle electrónica habilitada pola Xunta de Galicia, como vía preferente para comunicar información relativa a supostas accións ou omisións contrarias ao sistema de integridade, supuxo a necesidade de tramitación dun bo número de denuncias para as que faise necesario abrir unha investigación.

Estas funcións requiren dedicación específica, coñecementos xurídico-administrativos especializados e capacidade de coordinación interna. Resulta polo tanto necesaria a creación dun posto que poida ocuparse en exclusiva da súa tramitación co fin de mellorar a xestión destas solicitudes.

Por outra banda, o Xacobeo 2027 constitúe un acontecemento de excepcional relevancia cultural, social e económica, chamado a proxectar Galicia no ámbito internacional como un destino singular, asociado á tradición do Camiño de Santiago pero tamén á innovación, á creatividade e á capacidade de organización de grandes eventos. Este acontecemento supón un reforzo orzamentario en materia de turismo no marco da planificación previa ao Xacobeo o que implica tamén unha carga de traballo adicional en procesos de contratación pública e coordinación con patrocinadores e entidades privadas. Este incremento de actividade fai imprescindible reforzar a área de contratación da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia mediante a creación dun posto específico que podida apoiar a tramitación dos patrocinios de forma que se poidan asumir de forma eficiente a xestión do incremento substancial na formalización de este tipo de contratos con entidades privadas.

De tal xeito, dada a complexidade técnica e xurídica destes contratos e o seu volume, resulta necesaria a creación dun posto que poida ocuparse en exclusiva da súa tramitación co fin de mellorar o control económico e a transparencia na xestión dos recursos públicos e privados asociados aos eventos.

En consecuencia, considérase necesaria e proporcionada a creación destes dous postos dentro da Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa, que hasta o día de hoxe carece de prazas con estas tarefas específicas asignadas.

3.- Creación do posto "Xefatura de Negociado XI", con código PX.A20.00.002.15770.052, de nivel 18, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A2-C1-C2, dentro da Secretaría de



Coordinación Económico e Administrativa, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG).

Esta xefatura de negociado, baixo a dependencia da Xefatura de Área de Obras e Mantemento, realizara funcións administrativas propias do seu grupo tales como o apoio na preparación da documentación necesaria para os procedementos de licitación e contratación, o control do rexistro e arquivo dos expedientes, así como a tramitación das certificacións de obra e dos expedientes de pagamento ás empresas contratistas.

4.- Dotación orzamentaria do posto “Xefatura de Área de Produtos”, con código **PX.A20.00.004.15770.010**, de nivel 28, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2, dentro da Dirección de Promoción, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG). Ademais, ten como méritos os coñecementos de inglés (030), e os coñecementos doutros idiomas comunitarios (151).

Proponse a habilitación deste posto que xa figura na RPT da entidade pero que carecía de dotación orzamentaria, unha vez que se produciu o cese voluntario, con data 30 de novembro de 2025, da persoa que ocupaba o posto de persoal laboral externo “Responsable da Área de Produtos”, con código EPT (PX_EXT64) (Adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.), que realizaba estas mesmas funcións.

5.- Creación do posto “Porteiro/a Maior I”, con código **PX.A20.00.005.15770.019**, de nivel 14, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto ao subgrupo AP, dentro da Dirección de Profesionalización, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG). Ademais, ten como requisito imprescindible o permiso de conducir B (954).

Finalmente, proponse a creación deste posto para a realización de funcións de vixilancia e custodia de edificios, control de accesos, atención e información a visitantes, manexo de maquinaria de oficina (fotocopiadoras, encadernadoras), distribución de correspondencia, e tarefas de mantemento básico e mensaxería no Centro Superior de Hostalería de Galicia.



2. Amortización de postos

Segundo o establecido na disposición adicional primeira, apartado 4, do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, a axencia subrogárase tamén en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos, no momento en que se proceda á súa extinción e nas relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, derivadas ou directamente vinculadas coas funcións que son asumidas pola Axencia, no momento da modificación dos seus estatutos.

Na disposición adicional cuarta do citado decreto establécese que a Axencia Turismo de Galicia asumirá os postos de traballo do cadro de persoal da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos no momento en que se produza a extinción da súa personalidade xurídica, así como os postos de traballo do cadro de persoal da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, desde o momento en que se produza a modificación do seu obxecto social, de acordo coas funcións que a axencia asume.

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as amortizacións propostas, tanto de postos de cadro de persoal (CP) como da relación de postos de traballo (RPT):

POSTOS CADRO DE PERSOAL - NON INCLUÍDOS NA RPT DA ATURGA

1. Amortización do posto "Titulado/a Grao Medio", con código EPT (PX_EXT26)

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 672638 (centro XPX) da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT26 "TITULADO/A GRAO MEDIO". Realiza funcións de apoio na Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial. Este posto estivo ocupado por persoal laboral externo. Polo tanto, trátase de amortizar **un posto vacante sen ocupación** non incluído na RPT, pola xubilación do seu titular o 31 de maio de 2025, para a creación das citadas xefaturas de sección III e IV incluídas na RPT da entidade.



2. Amortización do posto "Xestor/a I TUP", con código EPT (PX_EXT72)

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120014 (centro TUP) incorporado da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT72 "XESTOR/A I TUP". Este posto, que está ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.) **quedará vacante sen ocupación, pola xubilación da súa titular, o 30 de xuño de 2026**. A cal xa presentou a súa comunicación formal de xubilación, o pasado 29 de xaneiro de 2026. Polo cal, o posto se amortizará, unha vez figure como vacante e non ocupado, para a creación das citadas xefaturas de sección III e IV incluídas na RPT da entidade.

3. Amortización do posto "Responsable da Área de Produtos", con código EPT (PX_EXT64)

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120099 (centro TUP) incorporado da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT64 "RESPONSABLE DA ÁREA DE PRODUCTOS". Este posto estivo ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.). Polo tanto, trátase de amortizar **un posto vacante sen ocupación** non incluído na RPT, polo cese voluntario do seu titular, o 30 de novembro de 2025, **para a dotación orzamentaria do posto PX.A20.00.004.15770.010 - Xefatura área de Produtos, incluída na RPT da entidade, que na actualidade non está dotado**.

4. Amortización do posto "Xefe/a Oficina de Turismo", con código EPT (PX_EXT78)

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120082 (centro - TUP) incorporado da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT78 "XESTOR/A I TUP". Este posto, que está ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.) **quedará vacante sen ocupación, pola xubilación da súa titular, o 2 de xuño de 2026**. A cal xa presentou a súa comunicación formal de xubilación, o pasado 9 de marzo de 2026. Polo cal, o posto se amortizará, unha vez figure como vacante e non ocupado, para a creación da citada xefatura de negociado XI incluída na RPT da entidade.



5. Amortización do posto "Mantemento/Ordenanza – TUC", con código EPT (PX_EXT59)

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120028 (centro TUC) incorporado da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT59 "MANTEMENTO/ORDENANZA TUC". Este posto está ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.) **quedará vacante sen ocupación, pola xubilación do seu titular, o 31 de marzo de 2026**. O cal xa presentou a súa comunicación formal de xubilación, o pasado 20 de xaneiro de 2026. Polo cal, o posto se amortizará, unha vez figure como vacante e non ocupado, para a creación do posto de "Porteiro/a Maior I" incluído na RPT da entidade.

POSTO INCLUÍDO NA RPT DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

6. Amortización do posto "Base Subgrupo C2" (PX.A20.00.002.15770.045), de nivel 12, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto ao subgrupo C2, coa adscrición exclusiva a funcionarios da xunta de Galicia. **Posto vacante sen ocupación** pola xubilación da súa titular, o pasado 19 de xullo de 2025, que se amortizará para a creación das citadas xefaturas de sección III e IV incluídas na RPT da entidade.

En resumo, esta é a relación de prazas a crear (4), a dotar orzamentaria (1) e a amortizar (6), para dar resposta ás necesidades actuais da Axencia Turismo de Galicia:

Nº	CREACIÓN/DOTACIÓN	Nº	AMORTIZACIÓN
1	Xefatura de Sección III PX.A20.00.002.15770.021 (RPT)	1	Titulado/a Medio - XPX PX_EXT26 (NON RPT)
2	Xefatura de Sección IV PX.A20.00.002.15770.031 (RPT)	2	Xestor/a I - TUP PX_EXT72 (NON RPT)
3	Xefatura Negociado XI PX.A20.00.002.15770.052 (RPT)	3	Responsable da Área de Produtos - TUP PX_EXT64 (NON RPT)
4	*Xefatura Área de Produtos PX.A20.00.004.15770.010 (RPT)	4	Mantemento/Ordenanza – TUC PX_EXT59 (NON RPT)
5	Porteiro/a Maior PX.A20.00.005.15770.019 (RPT)	5	Xestor/a I - TUP PX_EXT78 (NON RPT)
		6	Posto Base Subgrupo C2 PX.A20.00.003.15770.045 (RPT)

*O posto PXA200000415770010 "Xefatura Área Produtos" xa existe na RPT sen dotación orzamentaria.



Despois da modificación proposta, a Axencia Turismo de Galicia **pasará a ter un total de 292 postos**, 161 postos incluídos na relación de postos de traballo (RPT) e 131 postos de persoal propio da entidade, incluídos no seu cadro de persoal (CP).

3. Modificación de postos

Ademais das creacións e amortizacións indicadas, dende a Axencia Turismo de Galicia preténdense levar a cabo unha serie de modificacións na RPT, que permitan regularizar situacións xa abordadas en modificacións precedentes, a adaptación das denominacións de determinados postos ou as aperturas de postos a outros grupos para facilitar a súa cobertura, entre outras. A continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións propostas:

- O posto **PX.A29.10.000.15001.013** (POSTO BASE SUBGRUPO C1, Nivel 14). **Proponse cambiar a súa denominación a "XEFATURA GRUPO"**, e apertura aos subgrupos C1/C2. (Posto incluído no concurso xeral traslados – F0424).
- O posto **PX.A29.10.000.15001.110** (AGRUPACIÓN PROFESIONAL-TELEFONISTA, Nivel 10). **Proponse cambiar a súa denominación a "AGRUPACIÓN PROFESIONAL"**.
- Os postos **PX.A20.00.005.15770.016** (TÉCNICO/A DE COCIÑA I) e **PX.A20.00.005.15770.017** (TÉCNICO/A DE COCIÑA II). **Proponse a modificación do seu horario para unha mellor adaptación ás necesidades do Centro Superior de Hostalería de Galicia**, establecendo "HORARIO ESPECIAL" (Xornada de Tarde: luns a xoves, de 14:00 a 21:30/Xornada de mañá: os venres, de 08:30 a 16:00).

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Turismo de Galicia
José Manuel Merelles Remy

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL
DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO
DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO





MEMORIA ECONÓMICA – FINANCEIRA

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA



MEMORIA ECONÓMICO - FINANCEIRA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, fundamentada nos criterios de eficacia que inspiran a actuación e a organización administrativa. Posteriormente, o Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, adscribiu á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Turismo de Galicia, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.

O artigo 41.2.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esixe no procedemento de elaboración de disposicións regulamentarias, unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento. Así mesmo, a Orde da Consellería de Facenda, do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira, nos casos de iniciativas legislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións, establece unha metodoloxía propia para a elaboración das memorias económico-financeiras.

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos e determinación das retribucións complementarias.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación



profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos.

A vixente relación de postos de traballo (RPT) da Axencia Turismo de Galicia, foi aprobada polo Acordo do Consello da Xunta do 15 de xullo de 2015, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda do 16 de xullo de 2015 (DOG núm. 138, do 23/07/2015). Posteriormente, realizáronse as tres (3) seguintes modificacións:

- 1) Modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 9 de agosto de 2022 (DOG núm. 153, do 11/08/2022).
- 2) Modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública da mesma data (DOG núm. 44, do 3/03/2023).
- 3) Modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xuño de 2025, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 1 de xullo de 2025 (DOG núm. 130, do 09/07/2025).

De tal maneira que, na actualidade, **a relación de postos de traballo (RPT) da Axencia Turismo de Galicia ten un total de 158 postos.**

Ademais, a día de hoxe, despois das amortizacións realizadas incluídas nas citadas modificacións da RPT, **no cadro de persoal (CP) da axencia figuran cento trinta e seis (136) postos** (persoal propio da entidade), a raíz da incorporación dos postos de traballo da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos e da S.A. Xestión do Plan Xacobeo á Axencia Turismo de Galicia, segundo se establece na disposición adicional cuarta do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. Os cadros de persoal das entidades que se extinguiron ou modificaron o seu obxecto social son os instrumentos de xestión do persoal nesta axencia ata que se aprobe a relación de postos de traballo correspondente.

Tendo en conta o anterior, e tomando como referencia o artigo 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que a planificación dos recursos humanos



nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade, propóñense as seguintes modificacións na RPT da Axencia Turismo de Galicia.

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN:

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións propostas, que supoñen a creación de tres/catro postos incluídos na RPT da entidade e a amortización de cinco postos, catro de cadro de persoal e un de RPT, para atender axeitadamente ás necesidades actuais da Axencia Turismo de Galicia.

A repercusión económico-financeira para facer fronte ás creacións propostas estímase nun custo total de 255.356,46 €, en base ao establecido na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, segundo o seguinte detalle:

1. Creación de postos

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA – APLICACIÓN ORZAMENTARIA 04 A2 761A

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	GR	NIV/CAT	MASA SALARIAL	SEG. SOCIAL	CUSTO TOTAL
F	3663	PXA200000215770021	Xefatura Sección III	A1	25	44.102,68	13.230,80	57333,48
F	3663	PXA200000215770031	Xefatura Sección IV	A1	25	44.102,68	13.230,80	57333,48
F	3667	PXA200000215770052	Xefatura Negociado XI	A2	18	31.240,55	9.372,17	40612,72
F	1527	PXA200000415770010	*Xefat. Área Produtos	A1	28	53.126,37	15.937,91	69064,28
F	3671	PXA200000515770019	Porteiro/a Maior i	AP	14	23.855,77	7.156,73	31012,5
TOTAL						196428,05	58928,41	255356,46

O custe que supón a creación dos citados postos está orzamentado nos orzamentos xerais da CCAA para o ano 2026.

*O posto PXA200000415770010 "Xefatura Área Produtos" xa existe na RPT sen dotación orzamentaria.



XEFATURA SECCIÓN (A1-25)			
CONCEPTOS RETRIBUTIVOS	IMPORTE MENSUAL	Nº MENSUALIDADES	IMPORTE ANUAL
SOLDO	1387,24	12	16.646,88 €
COMPLEMENTO DESTINO	774,86	12	9.298,32 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	1052,1	12	12.625,20 €
TOTAL SOLDOS	3.214,20		38.570,40 €
SOLDO EXTRA	856,05	2	1.712,10 €
COMPLEMENTO DESTINO	774,86	2	1.549,72 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	1052,1	2	2.104,20 €
TOTAL EXTRA	2.683,01		5.366,02 €
IPC	22,32		166,26
TOTAL BRUTO	5.919,53 €		44.102,68 €
SEGURIDADE SOCIAL 30%			13.230,80 €
TOTAL CUSTO POSTO			57.333,48 €

XEFATURA NEGOCIADO (A2-18)			
CONCEPTOS RETRIBUTIVOS	IMPORTE MENSUAL	Nº MENSUALIDADES	IMPORTE ANUAL
SOLDO	1199,52	12	14.394,24 €
COMPLEMENTO DESTINO	493,86	12	5.926,32 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	576,06	12	6.912,72 €
TOTAL SOLDOS	2.269,44		27.233,28 €
SOLDO EXTRA	874,83	2	1.749,66 €
COMPLEMENTO DESTINO	493,86	2	987,72 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	576,06	2	1.152,12 €
TOTAL EXTRA	1.944,75		3.889,50 €
IPC	15,95		117,77
TOTAL BRUTO	4.230,14 €		31.240,55 €
SEGURIDADE SOCIAL 30%			9.372,17 €
TOTAL CUSTO POSTO			40.612,72 €

PORTEIRO MAIOR			
CONCEPTOS RETRIBUTIVOS	IMPORTE MENSUAL	Nº MENSUALIDADES	IMPORTE ANUAL
SOLDO	686,07	12	8.232,84 €
COMPLEMENTO DESTINO	397,6	12	4.771,20 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	550,55	12	6.606,60 €
COMPLEMENTO CONDUCCIÓN	63,34	12	760,08 €
TOTAL SOLDOS	1.697,56		20.370,72 €
SOLDO EXTRA	686,07	2	1.372,14 €
COMPLEMENTO DESTINO	397,6	2	795,20 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	550,55	2	1.101,10 €
COMPLEMENTO CONDUCCIÓN	63,34	2	126,68 €
TOTAL EXTRA	1.697,56		3.395,12 €
IPC	12,85		89,93
TOTAL BRUTO	3.407,97 €		23.855,77 €
SEGURIDADE SOCIAL 30%			7.156,73 €
TOTAL CUSTO POSTO			31.012,50 €

XEFE/A AREA (A1-28A)			
CONCEPTOS RETRIBUTIVOS	IMPORTE MENSUAL	Nº MENSUALIDADES	IMPORTE ANUAL
SOLDO	1387,24	12	16.646,88 €
COMPLEMENTO DESTINO	1041,22	12	12.494,64 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	1427,86	12	17.134,32 €
TOTAL SOLDOS	3.856,32		46.275,84 €
SOLDO EXTRA	856,05	2	1.712,10 €
COMPLEMENTO DESTINO	1041,22	2	2.082,44 €
COMPLEMENTO ESPECIFICO	1427,86	2	2.855,72 €
TOTAL EXTRA	3.325,13		6.650,26 €
IPC	27,17		200,27
TOTAL BRUTO	7.208,62 €		53.126,37 €
SEGURIDADE SOCIAL 30%			15.937,91 €
TOTAL CUSTO POSTO			69.064,28 €

2. Amortización de postos

A repercusión económico-financeira das amortizacións propostas estímase nun custo total de 275653,53 €, en base ao establecido na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, segundo o seguinte detalle:

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA – APLICACIÓN ORZAMENTARIA 04 A2 761A

TP	LIÑA	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	GR	NIV /CAT	MASA SALARIAL	SEG. SOCIAL	CUSTRO TOTAL
Laboral Propio	3052	672638	Titulado/a Grao Medio - XPX	SG		29.662,44	8.898,73	38561,17
Laboral Propio	2553	7120014	Xestor/a I - TUP	SG		38.564,52	11.569,36	50133,88
Laboral Propio	2427	7120099	Responsable Área Produtos - TUP	SG		61.585,12	18.475,54	80060,66
Laboral Propio	2553	7120082	Xestor/a I - TUP	SG		38.564,52	11.569,36	50133,88
Laboral Propio	2621	7120028	Mantemento/Ordenanza - TUC	SG		21.421,60	6.426,48	27848,08
F	9314	PXA200000315770045	Posto base subgrupo C2	C2	12	22.242,97	6.672,89	28915,86
TOTAL						212041,17	63612,36	275653,53

En resumo, esta é a relación de prazas a crear (4), a dotar orzamentaria (1) e a amortizar (6), para dar resposta ás necesidades actuais da Axencia Turismo de Galicia:



Nº	CREACIÓN/DOTACIÓN	Nº	AMORTIZACIÓN
1	Xefatura de Sección III PX.A20.00.002.15770.021 (RPT)	1	Titulado/a Medio - XPX PX_EXT26 (NON RPT)
2	Xefatura de Sección IV PX.A20.00.002.15770.031 (RPT)	2	Xestor/a I - TUP PX_EXT72 (NON RPT)
3	Xefatura Negociado XI PX.A20.00.002.15770.052 (RPT)	3	Responsable da Área de Produtos - TUP PX_EXT64 (NON RPT)
4	*Xefatura Área de Produtos PX.A20.00.004.15770.010 (RPT)	4	Mantemento/Ordenanza – TUC PX_EXT59 (NON RPT)
5	Porteiro/a Maior PX.A20.00.005.15770.019 (RPT)	5	Xestor/a I - TUP PX_EXT78 (NON RPT)
		6	Posto Base Subgrupo C2 PX.A20.00.003.15770.045 (RPT)

*O posto PXA200000415770010 "Xefatura Área Produtos" xa existe na RPT sen dotación orzamentaria.

As amortizacións propostas financiarán a modificación da RPT da Axencia Turismo de Galicia (Presidencia da Xunta), tendo en conta que a diferenza económica existente entre a creación (255.356,46 euros) e a amortización (275653,53 euros) de postos, reflicte unha diferenza positiva de **vinde mil setecentos douscentos noventa e sete euros con sete céntimos (20.297,07 euros)**.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Turismo de Galicia
José Manuel Merelles Remy

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL
DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO
DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO

